

**EQUIPO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

IES Chan do Monte

PROGRAMACIÓN Curso 2006-2007

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O equipo de normalización lingüística do IES “Chan do Monte” de Marín está formado polas seguintes persoas:

Henrique Piñeiro, Xoán Pastor, Antón Fortes e Luz Galocha en representación do profesorado; Thais González Estévez, Raquel Amoedo Santiago e Laura González López en representación do alumnado, e por Manuel Vázquez Negro en representación do persoal non docente.

A coordinación é responsabilidade de Laura Rodríguez Losada.

Mogor (Marín), outubro de 2006.

POLA LINGUA, POR NÓS

De entre os moitos aspectos que se poderían tratar sobre as fondas consecuencias e as complexas derivacións que foi tomando no tempo o conflito lingüístico desde finais do século XV, e que determinan a difícil realidade actual do noso idioma e o seu incerto futuro, quere o equipo de normalización lingüística do IES “Chan do Monte” de Marín destacar neste caso un moi concreto e relacionado co ámbito da educación. Trátase do descoñecemento masivo que existe da relación causa-efecto que motiva a actual situación lingüística de Galicia, e que resulta un dos principais motivos da evidente confusión que se mantén aínda sobre este tema, derivando, como sucede sempre co que se ignora, no abandono do uso habitual do galego.

É moi grave o descoñecemento que existe sobre as raíces da nosa lingua e do seu andar polo tempo, e non é máis o que se sabe da propia historia, da xeografía ou da cultura popular que definen a particular maneira de *sermos nós*.

Este equipo de normalización entende que igual se lle pode dar unha volta ao hábito de afastarse da realidade propia se por parte da comunidade educativa se pon interese e se fomenta non só o dereito senón tamén o desexo e o deber de saber. Canto mellor se comprenda *o mundo* que é Galicia, como ben nos dixera Vicente Risco, mellor se comprenderán tamén cuestións menos próximas ou máis abstractas relativas a calquera campo do coñecemento.

Só promovendo o amor e o respecto polo esforzo colectivo creador de cada un dos elementos que nos definen como galegos poderemos chegar a ser parte plena do mundo con orgullo e dignidade. Este é o camiño que nos abriu Castelao e que nós, humildemente, seguimos agora. Sabemos que a conciencia empeza para uns ou pasa para outros, sempre, pola vía do coñecemento, do estudio e da divulgación do que nos é propio, e estes factores son hoxe imprescindíbeis para chegar a entender a razón de ser que nos identifica e nos define entre os demais pobos do mundo.

Sabido é que de entre todos os trazos definitorios, o máis indiscutíbel, poderoso e relevante é a lingua. Por ela, en por si e polo en que ela nos

converteu, cómpre levar a cabo un esforzo colectivo permanente para avanzarmos todos, tanto os que aprenden as cousas da vida en idioma galego e que aínda relacionan con el, consciente ou inconscientemente, conceptos negativos ligados ao complexo de inferioridade que marcou a lume o noso pobo, como os que aínda tendo unha mínima experiencia como galegofalantes comprenden a situación do idioma e deciden incorporarse á maioría social que o emprega. Desá boa vontade necesaria, do dereito e do deber, ha nacer tamén o interese que permita incorporar falantes *liberados*, galegos que anden pola vida sen *a marca da argola*.

Este equipo quere animar a andar á comunidade educativa o camiño da normalización, sinxelo e complexo ao mesmo tempo, e quere contribuír co seu traballo á difusión da cultura propia, viva fóra das aulas, esmorecida nelas; quere incentivar, apoiar iniciativas a prol do emprego común e sen complexos da nosa lingua, con coñecemento de causa e con amor inmenso.

UNHA APROXIMACIÓN Á REALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O equipo de normalización lingüística non nace constituído só polas persoas xa citadas, pois parte del son igualmente profesores como Xosé Dopazo, Araceli Queiruga, Xosé Francisco Dalama, Antonio Orosa, Salomé Freitas, Manuel Ruibal, Rubén Torres e máis; ou alumnos que xa mostraron a súa disposición para formar parte deste proxecto. Iso é o importante: que se nace coa intención de consolidar un vreiro que se manteña e medre no futuro e que xa este ano dea lugar á formación de diferentes grupos de traballo.

Para botar a andar, o equipo procurará actualizar datos sobre a realidade lingüística do centro que permitan orientar debidamente as actividades previstas para o curso 2006-2007 e outras que poidan incorporarse máis adiante. Polo que xa sabemos, non é, certamente, moi alentadora a paisaxe que nos recibe no tocante ao emprego habitual do idioma no centro, dentro e fóra das aulas, por parte do alumnado, principalmente, mais tamén do profesorado.

Estamos, como ben se sabe, ante un panorama caracterizado pola escasa conexión que a xente nova mantén coa lingua e coa cultura do país. Para ela, en xeral, é feble, vello, pobre, pequeno o *mundo galego* que conforma a realidade na que vive e da que foxe.

É evidente, e é trágico, o retroceso que afecta nos tempos de hoxe ao uso da lingua galega por parte da mocidade das *“coveiras da canalla”* que son a maioría das cidades e vilas da Galicia actual. Tan potente é esa posición reaccionaria *de facto*, contraria á lingua e ao país, que tamén adoptan o moderno estilo *castrapeiro* rapaces, e sobre todo rapazas, do medio rural e mariñeiro próximo a moitos núcleos urbanos. Aquí ese núcleo é Pontevedra, e del parte a sombra que cobre boa parte de Marín; a el, a eles, habería que engadir a presión *globalizadora* favorable aos grandes e, sumando,

entenderase que cheguen ao centro xeracións aprendidas na arte da simulación inherente ao habitante da colonia, e que consiste en aparentar ser quen non se é mostrando, neste caso, tímido autoodio e sufocada xenreira por calquera elemento identificador, en especial polo máis definitivo: a lingua propia, aquela na que o imperio leva roendo séculos e á que os seus fillos máis novos abandonan agora masivamente.

Para chegar ao instituto sentindo a lingua e o país terían que se ter criado en condicións practicamente imposíbeis hoxe de conciencia, de protección e de defensa do idioma que se fala na casa, de *amor á Terra*. E aínda así, tampouco habería garantía: tan tremendo é o impacto das dúas fronte imperiais que determinan a nosa historia. Evidentemente, non é esta a experiencia habitual entre as familias galegas; tampouco entre as do noso alumnado. Todo ao contrario: admiten no seu seo a renuncia masiva dos máis novos como indicio definatorio de progreso e modernidade. *Pobres de nós!*

A situación é alarmante, absurda, tristísima, e precisa dunha análise seria, de iniciativas reais e realistas que a encaren con rigor, de compromiso firme por parte do profesorado e tamén dunha reflexión profunda sobre a situación que modifique actitudes e logre chegar ao corazón das familias.

1. OBXECTIVOS

A longo prazo

-Lograr a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, tanto nas aulas como fóra delas.

A medio prazo

-Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa en favor da normalización.

-Dispoñer de material curricular en galego para todas as áreas.

-Impartir progresivamente en galego todas as materias.

A curto prazo

-Comprometer na tarefa normalizadora o maior número posíbel de membros da comunidade educativa.

-Concienciar os sectores máis próximos ou afíns á nosa realidade para lograr un cambio progresivo da súa actitude lingüística.

-Manter en galego toda a documentación administrativa e de xestión do centro.

-Promover o uso exclusivo do noso idioma en carteis, murais e todo tipo de actividade que se realice desde o centro.

-Proporcionarlle ao profesorado a formación e os medios de traballo posíbeis que lle permitan realizar o seu labor empregando o galego como lingua instrumental.

-Adquisición por parte do centro de todo o material en galego que sexa posíbel.

-Dar os pasos necesarios para a definición da liña lingüística do centro, planificando o emprego do galego como lingua vehicular do ensino, partindo do coñecemento detallado e realista da situación.

-Deseñar e coordinar campañas de sensibilización e actividades a prol da normalización lingüística dirixidas á comunidade educativa no seu conxunto ou a un sector determinado, segundo o obxectivo específico que se pretenda.

2. ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O CURSO 2006-2007

- **Elaboración do segundo e terceiro número da revista “Labirinto”.**

Creada no curso 2004-2005, seguindo os mesmos criterios en canto a distribución de contidos que obedecen os seguintes obxectivos:

-Procurar un espazo onde a comunidade educativa, especialmente o alumnado, poida expresar asuntos de interese para a mesma e dar conta de actividades realizadas durante o curso.

-Divulgar a consideración da lingua galega tamén como propia dun medio de comunicación e habituar no seu uso ao alumnado.

-Promover o coñecemento do medio máis próximo en todas as súas variantes para aumentar a autoestima e a conciencia necesarias para emprender un cambio de actitude favorábel ao emprego coherente da lingua galega.

- **Taller de expresión dramática:**

Por terceiro ano, “Espiral”, o nome do taller de expresión dramática, continuará coa súa actividade seguindo os obxectivos trazados durante o pasado curso.

Preténdese investigar, por medio dos varios niveis de expresión que ofrece o teatro, o interior e o arredor de cada persoa que conforme o grupo, que remataría cunha representación escénica. O taller de expresión dramática acollería basicamente cinco vertentes: a expresión (oral e corporal), a

imaxinación e a creatividade, a comunicación, o autocoñecemento e a abordaxe cultural.

-Obxectivos xerais:

- Divulgar a consideración da nosa lingua como propia tamén da expresión dramática e artística.
- Desenvolver a capacidade de interrelación.
- Coñecer e desenvolver as capacidades de expresión.
- Estimular a creatividade.
- Procurar o autocoñecemento.

-Obxectivos específicos:

- Fomentar a expresión oral en lingua galega.
- Fomentar o coñecemento do grupo e do individuo.
- Entender a tarefa persoal como elemento constitutivo do grupo.
- Crear unha dinámica de traballo colectivo
- Estimular as capacidades psicomotoras
- Recoñecer os medios de expresión dramática.
- Organizar e utilizar eses medios.

-Actividades previstas:

- Xogo dramático.
- Improvisación.
- Proxecto final de representación.

-Tempo de duración: dúas horas semanais durante oito meses (de novembro a xuño, incluídos)

-Valoración económica: 2700 € para apoio técnico/profesional e material funxíbel.

- **Creación dun grupo de traballo para realizar tarefas de tradución ao galego de textos breves de diversas materias.**
- **Elaboración de carteis e adhesivos en favor do uso do idioma de Galicia.**

-Valoración económica: 100 €.

- **Terceira edición da Feira do libro en galego**, para a que se contaría co apoio das editoriais.
- **Colaboración coas actividades programadas polos departamentos que se acollan aos obxectivos marcados polo equipo.** Por exemplo actividades que se fagan conxuntamente co equipo de Biblioteca como fomento da lectura en lingua galega ou concursos de relatos e poesía.
- **Charlas, debates e concertos.**
- **Relación cos equipos da comarca para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.**